

# XXII CERTAME DE POESÍA FRANCISCO AÑÓN

## BASES

**PRIMEIRA:** Poderán participar todas as persoas interesadas, de calquera nacionalidade, que presenten os orixinais escritos en lingua galega. Os textos deberán ser inéditos e non premiados noutros concursos.

**SEGUNDA:** Os traballos entregaranse en sobre pechado, ou ben en papel o orixinal e cinco copias, ou ben nunha memoria USB (pen drive) en formato PDF ou DOC, DOCX ou ODT, co epígrafe "XXII Certame Francisco Añón de Poesía". Dentro deste sobre achegárase á súa vez un sobre pequeno —plica—, tamén pechado, no que figure o título da obra, a categoría na que participa e o lema ou pseudónimo do autor; e no seu interior recolleranse os datos persoais (nome, idade, enderezo, teléfono de contacto, centro de estudos, título da obra e lema ou pseudónimo, así como unha declaración xurada sobre a súa autoría e orixinalidade) e a fotocopia do DNI ou CIF. Estes traballos recolleranse na Casa da Cultura, Avda. de San Campio, 1 – 15230, Outes (A Coruña). Tamén poden enviarse por correo ao devandito enderezo.

**TERCEIRA:** O prazo de presentación rematará o martes 3 de abril de 2018.

**CUARTA:** Aqueles orixinais non premiados serán devoltos nun prazo de tres meses, previa solicitude por escrito. As devolucións efectuaranse aos propios autores/as ou persoa en quen deleguen aqueles (debidamente acreditada e coa correspondente autorización asinada), nas dependencias da Casa da Cultura de Outes. O Concello de Outes non se fará cargo dos custos de devolución. Transcorrido o dito prazo, os poemarios serán destruídos.

**QUINTA:** Establécense as seguintes categorías e premios por idades:

- **Categoría A: Nenos/as de 6 a 7 anos. Premios:**  
1º Clasificado: Vale de 120 euros en libros e publicación da obra galardoadada.  
Accésit: Publicación da obra.
- **Categoría B: Nenos/as de 8 a 9 anos. Premios:**  
1º Clasificado: Vale de 150 euros en libros e publicación da obra galardoadada.  
Accésit: Publicación da obra.
- **Categoría C: Nenos/as de 10 a 11 anos. Premios:**  
1º Clasificado: Vale de 180 euros en libros e publicación da obra galardoadada.  
Accésit: Publicación da obra.
- **Categoría D: Rapaces e rapazas de 12 a 14 anos. Premios:**  
1º Clasificado: Vale de 210 euros en libros e publicación da obra galardoadada.  
Accésit: Publicación da obra.
- **Categoría E: Mozos e mozas de 15 a 17 anos. Premios:**  
1º Clasificado: Cheque por valor de 450 euros e publicación da obra galardoadada.  
Accésit: Publicación da obra.
- **Categoría F: Maiores de 18 anos. Premios:**  
1º Clasificado: Cheque por valor de 1200 euros e publicación da obra galardoadada.  
Accésit: Publicación da obra.

\*O importe dos premios estará suxeito á lexislación fiscal vixente.

**SEXTA:** Para a categoría E, as obras terán unha extensión mínima de 150 versos.

**SÉTIMA:** Para a categoría F, as obras terán unha extensión mínima de 200 versos.

**OITAVA:** Farase unha edición compilatoria na que se recollerán os textos galardoados en cadansúa categoría.

**NOVENA:** Realizarase unha edición exclusiva co poemario galardoadado co primeiro premio da categoría de maiores de 18 anos.

**DÉCIMA:** O xurado, que se dará a coñecer oportunamente, será nomeado polo Concello de Outes. O día 17 de maio de 2018, dentro dos actos conmemorativos do Día das Letras, farase pública a decisión do xurado nun acto no que, ademais da entrega dos premios, se celebrará a presentación dos libros correspondentes ao XXI Certame Francisco Añón de Poesía, 2017 (compilatorio), así como da separata do libro gañador da categoría (F), *Asombrario*, de Ana Belén Varela Miño.

**UNDÉCIMA:** A decisión do xurado será inapelable. A participación neste certame implica a aceptación das anteriores bases.



Concello de Outes